CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

PROBAS DE ACCESO

REQUISITOS PARA INGRESAR NO GRAO ELEMENTAL

1º DE GRAO ELEMENTAL:

O 10 de maio abrirase o prazo de preinscrición para os alumnos que pretendan iniciar os seus estudos musicais en 1º GE, para ingresar os alumnos teñen que ter entre 8 anos (cumpridos antes do remate de decembro) e 14 anos. O Conservatorio anunciará con antelación á proba as vacantes que poidan xurdir para o primeiro curso de Grao Elemental, as probas realizaranse os días 17 e 18 de xuño. O procedemento de ingreso farase en base a dous criterios:

Unha proba onde se avaliarán as aptitudes dos interesados e a idade idónea para iniciar os estudos nas diferentes especialidades instrumentais. (DOG núm. 207 do 25.10.2007)

PROBAS DE ACCESO

(DOG núm. 207 do 25.10.2007)

De acordo co *Decreto 198/2007*, *do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música* e coa Circular 4/2008 *polo que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música* para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

1. Os aspirantes a ingresar na primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a este curso.

2. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluirá, polo menos, os seguintes aspectos:

- Exercicios para avaliar a aptitude rítmica.

- Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal.

- Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade.

3. A realización destes exercicios efectuaranse de maneira que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente. Así mesmo, cada centro poderá contemplar no seu procedemento de acceso unha ponderación en relación á idade dos aspirantes.

4. A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

5. A proba será xulgada por un tribunal nomeado a tal efecto pola dirección do centro que estará integrado, preferentemente, por profesorado do departamento de Linguaxe Musical.

NOTA IMPORTANTE: Os alumnos que, anteriormente, teñan cursado ou esten cursando na actualidade 1º de Grao Elemental noutro Conservatorio, **non poden realizar** as probas de acceso a 1º de Grao Elemental.

A DIRECCIÓN